



Dibuxo: ALBERTO ALVAREZ PERA

Os últimos LLOBOS das Serras da BOBIA y PENOUTA

✚ Xurde Gayol García

El lobo é, sin duda, un animal que sempre provocó entre a xente un daqué de misterio y de medo porque representaba como naide as forzas llibres da natureza. El lobo, a pesar da presión del ser humano, tentóu de sobrevivir nos nosos montes pero encaráase agora con un futuro difícil que pode acabar desiniciándolo pra sempre. Xurde Gayol, avezao a andar polos mesmos sitios unde esta especie vive y caza, cúntanos detalles ben interesantes dos últimos llobos del occidente.

As serras costeiras da Bobia y de Penouta, que tein como más alto curume *El Pico'l Filso* ou da Bobia (1.202 m.), esténdense como se fosen un llargo espiazo hacia el NE hasta cuase morrer na mesma veira del mar col Cordal de Cuaña, pasando por terras dos conceyos del Franco, Cuaña, Bual, Eilao, Castropol, A Veiga, Os Ozcos y Taramunde, meténdose xa camín de Galicia pola Serra d'Ouroso y Pousadoiro.

Tein estas montañas úa feitura xeolóxica de cuarcitas con afloramentos de pizarra y, en Penouta,

tamén de granito ou *pedra de grao*. Botánicamente, os montes son atlánticos y tein árboles caducifolios (que yes cain as foyas) como os carbayos, praos, bidureiras, dalgúa qu'outra faya, carnapodeiros y castañeiros, pero tamén los hai de foyas perennes —que, además, na súa mayoría tán protexidos— como acebros, teixos, erbedeiros, lloureiros, etc. Nos regueiros medran tamén umeiros y salgueiros y el resto del territorio bota ben de bouza d'uces, toxos, gamayos, escobas y arteiras.

Tampouco nun se pode esqueicer el feixe d'árboles de fora cos que se tán repoblando os montes

como el pino silvestre, el pino insigne, el *Pinus pinaster* y tamén, cómo non, os ocalitos (*Eucalyptus globulus*) que nos deixan a terra sin augua nin comida pa os animalíños que viven nella.

El misterio del llobo

Dende sempre, estas serras foron escondedeiro del llobo, un cazador avezao ás carreiras d'aguante detrás das súas presas, con un pelaxe gris arroxao, oreyas tesas y ocos ambarinos y morcegos, un animal cuase máxico, que ta malo de taliar porque anda mui axeito polos carreiros del monte, como se fose un ánima, que vei engalando col vento y que sólo se deixa descubrir, condo se chaman us a os outros, con llargos llanxidos al anoitecer.

El llobo sempre envolvéu con un nubro mouro de medo y misterio as nosas montañas. Os veyos cuntaban a os nenos muitas hestorias de llobos á luz del candil y al calor del fougo da llareira nas llargas noites dos invernos. Però el llobo tamén foi pa os llabradores y ganadeiros un animal ruin pol feixe de xatos, burras, poltros y outros reses que morreron esgazaos polas súas dentuadas.

Inda nun hai muitos anos qu'el llobo mantía úa muito búa población nestos montes. Esa población aumentóu nos anos del franquismo, ben sei que favorecida polas muitas prantacióis de pinos que se fixeron naquellos anos y que ye deron cobixo y fixeron aumentar d'ese xeito os sous efectivos.

Xa dende antigo eran conocidos polos alimañeiros y ganadeiros os sitios unde parían y criaban as llobas, podendo citar dalgús como *A Cabriteira* (Ouroso-Taramunde), *Boucelos* (Lugo-Santalla), *A Brañanova* (Vilanova), *El Busquete* (Vilanova), *Meisnado* (Eilao), *Carbayal* (Eilao), *Penascaleira* (Bual), *Riucabo* (El Franco), *A Pontenova* (Bual), *Teixeda* (Bual), *El Regueiro del Bravo* (Cuaña) y outros muchos que nun cambiaron col paso del tempo.


Úa lluita desigual

Dende hai muchos anos os peisanos mantuveron úa guerra cos llobos qu'inda nun acabou hoi, combatiéndolos con escopetas, armadiños, llazos y veneno, sendo este último el que más amolóu al llobo y el causante del sou estao actual d'estinción. Nos anos cincuenta y sesenta non sólo se yes vía a os llobos nos picos das serras senón que tamén causaban estragos nel gao, na mesma marina, chegando hasta el pé das casas pa matar os cais en sitios tan llonxe das serras altas como Ortigueira, Medal, Foxos, Miudes, etc. A prensa d'aquellos anos (*El Faro de Tapia*, 1958) tamén se fexo eco das matanzas dos llobos en Serantes y Porcía.

Por aquel tempo as comunicacióis ou nun existían ou eran mui malas y os homes nun tían medios abondos pa feryes frente a os sous enemigos. Fían pouca mella na súa población cuas poucas armas que se tían, cuas trampas ou piando os llobos dalgúa vez na parideira. Però a situación cambióu desque chegou el estricnina y el Gobierno fexo a *Junta de Extinción*

de Animales Dañinos pola que se contrataban a xornal alimañeiros pa cebar el monte con veneno ou se pagaban cuartos a todo aquel que pudiera matar dalgúa alimaña. D'este xeito foi desaparecendo cause todo el peteiro de llobos da Bobia y Penouta.

Col paso dos anos foise prohibindo el veneno xa que se viu que fía úa cadía de morte matando non sólo os carnívoros —como raposas, llobos, xinetas, fuínas, melandros y outros— senón que tamén morrían águilas, bruites, corvos y tamén reses y cais ou a propia xente se dalgún páxaro cebao vía cayer núa fonte ou regueiro.



A Serra de Bobia con neve, taliada dende el pico da Cristaleira (Bual)

Cua *Llei de Caza* de 1975, el llobo foi considerado peza de caza pero cua chegada das Autonomías quedóu abondo protexido pos xa nun era especie cinexética, firmandose tamén el *Convenio de Berna* que quitaba de matallos a nun ser condo aumentasen muito ou houbese muchos daños.

Os últimos exemplares

Nos anos oitenta inda quedaban dalgús llobos —poucos y esquitóis— nas cárcovas y bouzas más salvaxes da Bobia y Ouroso, anque tamén chegaban muito más llonxe na súas incursióis como á Serra de Penouta ou a Cuadramón, unde xa nun criaban dende 1983 condo s'atopara úa camada de sete llobíos en Riucabo (El Franco). Tamén se pensóu que pariran nel Regueiro del Bravo (Cuaña) alló pol ano 1988 pero nun quedóu claro se foron cais bravos ou llobos. A finales dos oitenta a Consejería d'Agricultura autorizóu na Bobia muchas batidas de llobos que duraron hasta el ano 1990 pero que deixaron totalmente desfeita a población xa que, además, seguían matándolos na ilegalidá en caceirías de caza mayor, con llazos ou envelenaos. El número baxóu hasta cuase nun quedar ningún polo qu'acabaron encastándose en 1992 con úa cuza moura —ben sei que por falta d'úa lloba— y saliron llobíos cimarróis híbridos, cousa que rara vez pasa na naturaleza. D'ei que nos últimos tempos se



Foto debedida por FAUSTINO DE PENABAZARAS (El Franco)

El Gumio (Bual). Batida nel Campo San Fernando na que se mataron dúas llobas y se pióu úa camada de seis llobíos.

viran llobos raros, anegraos, roxos ou pintos, al tempo que se desiniciaron os poucos llobos puros qu'inda quedaban.

El escondedeiro del lobo

Os poucos llobos que nos quedan nestas serras, xa a pique de chegar al ano 2000, sonche mui desconfiaos anque el naturalista avezao sabe volar nellos, descubriendo as matas d'artos y carbayeiras unde se deitan ou os camiós da serra por unde pasan al ameicer, taliando as pisuadas que deixan na llama, ou atopar os cagayóis chíos de pelo de poltro ou xabariel que deixa derriba dos tarróis d'herba ou nas veiras dos camiós pa marcar el sou territorio. Tamén de noite, se nun temos medo al escuridá nel monte y á xelada, poden escuitarse os llanxidos, que poin os gadeyós de punta y el peleyo de pita pero que son allaridos salvaxes, chíos de llibertá.

A neve é el miyor elemento pa sabichar na vida dos llobos pos con ella faise visible este animal cuase invisible. A neve descúbrenos el número de llobos que son, qué fixeron, qué mataron, d'ónde vein y a únde van y únde tán escondidos, pero tamén el estudioso da fauna salvaxe ten que ter muita pacencia y tar ben avezao ás xeladas y a andar na neve y ter el peleyo curao del vento, xa qu'os llobos andan muito. Tan pronto s'engarabitan nos picos dos cordales como baxan a os regueiros detrás dos corzos polo qu'el que vei detrás, seguindo el rastro, lleva úa xeira curiosa, como me pasóu nel ano 1995, que me llevóu tres días siguiuyes as pisuadas na neve a tres llobos dende Cova (Bual) hasta El Campo da Bobia (Vilanova d'Ozcos), unde el vento me borróu el rastro.

Un futuro esmolador

¿Poderán os nosos netos chegar a conocer estos cazadores da noite que son parte da serra como a neve, os penedos y el vento? Ta malo de saber pero lo que ta claro é qu'as serras xa tán abondo desfeitas cuas obras que yes fain de tanto impacto ambiental como as canteiras pa llouxa, as antenas da televisión y del teléfono nos picos, as pistas y carreteras por todos os sitios... Inda nun yes parece pouco pos

tein pensao fer nos anos que vein minas a celo aberto pa piar ouro, molíos de vento xigantescos de más de 40 m. d'alto pa producir electricidá y minicentrales nos nosos ríos. Esto quer dicir qu'el hábitat del lobo y outros animales vei desaparecer en mui pouco tempo se nun poñemos romedio.

Ben sabemos qu'os peisanos precisan el sou gao pa sobrevivir pero ellos tamén saben qu'os xabariles inda fain muito más daño qu'os llobos, levantando y desfendo todos os eiros, hortas y praos y qu'el lobo el único que los pode manter a raya.

Xa hai anos qu'a Conseyería d'Agricultura yes paga a os ganadeiros os destrozos feitos polos llobos pero esto tamén acabóu dexenerando. Hai peisanos mui comenenciudos que queren cobrar lo que nun se pode como é el caso de xatos mortos na cuadra ou burras mortas por un rayo, vacas qu'arrebollaron nun regueiro, poltros mortos al parir, parásitos... Hailos que, despós de matar el poltro y fer chourizos na casa, deixan os ósos nel monte, ben rñaos pol can, pa tentar de cobrallos como morto polos llobos.

Peró tamén hai úa xeneración de xente, ben sei qu'un pouco tolla —porque yes gusta todo lo que de puro medra na nosa terra—, que queren qu'os llobos sigan vivindo porque, se ellos nun tán, xa nun hai embruxo nas carbayeiras y picos das serras d'occidente.

Camada de sete llobíos coyida en Riucabo, na Serra de Penouta, en 1983.




Foto debedida por FAUSTINO DE PENABAZARAS (El Franco)

ENTRABASUGUA